

## Unidade 11. As imaxes falan

Nome: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_\_\_\_ Data: \_\_\_\_\_

Hai quince anos nunha illa do océano Atlántico, fronte ás costas de Galicia. Alí vivía Xan en compañía dos seus pais, os seus tres irmáns e uns poucos veciños que habitaban as cinco casas que salpicaban o outeiro principal. Nos duros días de inverno a illa quedaba illada da terra firme durante semanas. Só o mar bravo e as inmensas ondas rodeaban as illas.

Nun deses invernos Xan caeu enfermo. Sufría de febre altísima e suaba tanto que a súa nai cambiáballe as sabas tres veces ao día. Pero, unha mañá, Xan incorporouse na cama acomodou o lombo sobre a almofada e abriu as mans coma un libro. Cando seus pais entraron no cuarto, comprobaron que a febre e os suores desapareceran. Non obstante, a súa sorpresa foi maiúscula ao ver que Xan non se movía, non lles falaba e permanecía sentado na cama, coma unha estatua, fitando para as mans abertas.

Os veciños dábanlle consellos:

- Dálle un susto —dixo unha veciña.
- Deanlle a ulir vinagre —dixo outro veciño.
- Tóquenlle unha trompeta ao oído.
- Xa volverá en si —dixo a nai de Xan.
- Pero cando? —preguntou o pai.

Ao cuarto día o mar calmouse e as nubes deixaron pasar timidamente o sol.

Os mariñeiros trouxeron á mestra de Xan á illa. A muller escoitara que o seu alumno estaba enfermo e traíalle un regalo. Pouco despois, ría e falaba polos cóbados.

Cando toda a familia entrou na habitación preguntándose como se curara, Xan e a mestra miráronse e sorriron. Só a súa nai se deu conta de que entre as mans abertas había un libro.



## Unidade 11. As imaxes falan

Nome: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_\_\_\_ Data: \_\_\_\_\_

### 1. Contesta as seguintes preguntas.

- Cando ocorreu?

\_\_\_\_\_

- Onde?

\_\_\_\_\_

- Quen é o protagonista do relato?

\_\_\_\_\_

### 2. Fíxate nos erros destas afirmacións e corríxeos.

- A illa queda illada no verán.
- Xan quedou coma unha estatua fitando os pés.
- Ao quinto día os mariñeiros trouxeron á doutora.
- A mestra regaloulle un xogo de cartas.

\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

### 4. Cales son os síntomas da enfermidade de Xan.

\_\_\_\_\_

### 5. Que significa «falar polos cóbados». Marca a resposta correcta.

- Ter unha boca nos cóbados.
- Falar moito.
- Ter os cóbados cheos de palabras.

\_\_\_\_\_

### 6. Por que cres que Xan tiña as mans abertas? Que agardaba?

\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

## Unidade 11. As imaxes falan

Nome: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_\_\_\_ Data: \_\_\_\_\_

### 7. Escribe o significado de:

- Souto: \_\_\_\_\_
- Sobreiral: \_\_\_\_\_
- Alameda: \_\_\_\_\_

### 8. Escribe unha oración con cada unha das palabras da actividade anterior.


- \_\_\_\_\_
- \_\_\_\_\_
- \_\_\_\_\_

### 9. Escribe cinco árbores froiteiras que coñezas.

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_



### 10. Escribe o diminutivo das seguintes árbores.

- Piñeiro: \_\_\_\_\_
- Palmeira: \_\_\_\_\_
- Loureiro: \_\_\_\_\_
- Freixo: \_\_\_\_\_
- Sobreira: \_\_\_\_\_
- Álamo: \_\_\_\_\_
- Carballo: \_\_\_\_\_
- Castiñeiro: \_\_\_\_\_


### 11. Relaciona o nome do conxunto de árbores e a árbore que o forma.

Freixedo	Nogueira
Nogueiral	Freixo
Carballeira	Salgueiro
Salgueiral	Eucalipto
Eucaliptal	Carballo

## Unidade 11. As imaxes falan

Nome: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_\_\_\_ Data: \_\_\_\_\_

### 12. Fíxate.



[http://xogo.climantica.org/guía\\_CLMNTK\\_gl](http://xogo.climantica.org/guía_CLMNTK_gl)

### 13. Observa esta ilustración dun manual dun xogo e contesta.

- Onde tes que premer para moverte polo teu territorio?

---

---

- Onde podes ver os puntos que tes?

---

---

- Neste xogo podes elixir o nome do teu personaxe. Cal poñerías?

---

---

- Que tes que facer para conseguir pistas que te axuden?

---

---

- Para que serve a zona de indicadores?

---

---